

BASES PARA O VI CONCURSO DE RELATO CURTO 'Nun Recuncho da Memoria'

1.^a

PARTICIPANTES, AUTORÍA E ORIXINALIDADE DAS OBRAS

Poderán participar neste concurso todos/as os/as escritores/as maiores de 16 anos, con independencia da súa nacionalidade, que presenten relatos orixinais, inéditos e escritos en castelán ou galego.

A presentación dun relato neste concurso implica, necesariamente, a aceptación íntegra e incondicional das bases descritas no presente documento.

Así mesmo, os/as participantes garanten:

- A autoría e a orixinalidade da obra presentada, así como que non se trata dunha copia nin dunha modificación total ou parcial de ningunha outra obra, xa sexa propia ou allea.
- O carácter inédito da obra presentada e da titularidade exclusiva da mesma.
- Que a obra non se atope suxeita a ningún outro concurso pendente de resolución.

2.^a

TEMÁTICA DA OBRA

Nesta ocasión, e debido á especial situación na que nos atopamos, a temática abordará **o tema do envellecemento e o illamento; a enfermidade de Alzheimer e outras demencias, como, por exemplo, patoloxías que illan ás persoas que as padecen; ou as relacións sociais e familiares durante a actual crise que nos toca vivir.**

3.^a

CATEGORÍAS

Establécense **dúas categorías**; cada unha delas premiará a mellor obra escrita nun dos dous idiomas admitidos, castelán ou galego. Unha mesma obra non poderá concorrer en ambas categorías por medio da súa presentación en ambos idiomas.

4.^a

PRESENTACIÓN DE OBRAS AO CONCURSO

A extensión dos orixinais será dun máximo de tres folios (1000 palabras) e **dun mínimo dun folio e medio (500 palabras), a unha cara, en tamaño DIN A-4; o texto deberá estar escrito en letra Arial, tamaño 12, cun espazo interlineal de 1,5.** Ademais, deberá incluír unha portada onde aparecerá o título da obra e o pseudónimo do autor ou autora, se o tivese (non é indispensable). **Este documento levará por nome o título do relato.**

Do mesmo modo, **nun documento anexo, anotarase, de novo, o título da obra, o pseudónimo do autor ou autora (en caso de que o tivera)** e o seu nome e apelidos, así como a súa dirección completa, o seu número de teléfono e unha copia do seu Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte (pode ser unha imaxe escaneada ou unha fotocopia). **Este documento levará por nome o título do relato seguido da palabra “datos”.**

As obras presentaranse de forma dixital (*online*). Só pode presentarse un traballo por autor/a.

Os traballos, nas condicións **establecidas** previamente, poderán enviarse por correo electrónico a comunicacion@afaga.com ata o 15 de maio de 2020. Aquelas obras que non cumpran todos os requisitos quedarán automaticamente fóra do concurso.

5.^a

XURADO E VOTACIÓN

O xurado, cuxa composición se dará a coñecer ao emitirse a resolución, terá as facultades normais de outorgar ou declarar deserto o premio e emitir a resolución, así como interpretar as presentes bases. A decisión do xurado será inapelable.

A resolución darase a coñecer o 15 de xuño de 2020 a través dos distintos medios de comunicación de AFAGA: a súa páxina web, Facebook, Twitter, Instagram e o blog ‘O Recuncho do Coidador’.

6.^a

PREMIO

Premiarase ao mellor relato de cada una das categorías. O premio consistirá nunha tableta, un Smartwatch ou un eBook para cada unha das categorías (o/a gañador/a escollerá unha das tres opcións). A entrega do premio realizarase nun prazo de 20 días, unha vez emitida a resolución.

Os nomes dos/as gañadores/as, así coma os dos/as finalistas, publicaranse no blog ‘O Recuncho do Coidador’, na páxina web de AFAGA (www.afaga.com) e nos respectivos perfís da asociación en Facebook, Twitter e Instagram.

7.^a

CESIÓN DE DEREITOS E PUBLICACIÓN DAS OBRAS

AFAGA disporá de todas as obras presentadas para a súa publicación na forma e do modo que considere oportuno, salvo comunicación previa, expresa, fidedigna e por escrito do contrario por parte dos/as escritores/as participantes.

No momento en que unha determinada obra sexa seleccionada para a súa publicación, identificarase ao autor ou autora da mesma, salvo que fose designado un pseudónimo, para así poder preservar o seu anonimato.